



Guía Docente

Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Dirección Comercial		Código	611G02035
Titulación	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Empresa			
Coordinación	Blazquez Lozano, Felix	Correo electrónico	felix.blazquez@udc.es	
Profesorado	Blazquez Lozano, Felix	Correo electrónico	felix.blazquez@udc.es	
	Naya Mosquera, José Luis		jose.luis.naya@udc.es	
	Rodríguez Fernández, María Magdalena		magdalena.rodriguez@udc.es	
	Rodríguez Vázquez, Clide		c.rodriguezv@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Os obxectivos desta materia son saber aplicar os fundamentos da dirección comercial a casos reais e tomar decisións para cumprir os obxectivos de dirección comercial			

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Xestionar e administrar unha empresa ou organización de pequeno tamaño, entendendo a súa ubicación competitiva e institucional e identificando as súas fortalezas e debilidades.
A2	Integrarse en calquera área funcional dunha empresa ou organización mediana ou grande e desempeñar con soltura calquera traballo de xestión nela encomendada.
A3	Valorar a partir dos rexistros relevantes de información a situación e previsible evolución dunha empresa.
A4	Emitir informes de asesoramento sobre situación concretas de empresas e mercados.
A5	Redactar proxectos de xestión ou de áreas funcionais da empresa.
A6	Identificar as fontes de información económica relevante e o seu contido.
A8	Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais.
A9	Usar habitualmente a tecnoloxía da información e as comunicación en todo a seu desempeño profesional.
A11	Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos.
A12	Comunicarse con fluidez no seu contorno e traballar en equipo.
B1	CB1-Comprender coñecementos na área de estudo que parte da base da educación secundaria general, que apoiándose en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	CB2-Saber aplicar os coñecementos ao seu traballo dunha forma profesional e posuír as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de traballo
B3	CB3-Saber reunir e interpretar datos relevantes da área de estudo para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B4	CB4-Transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	CB5-Desenvolver habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	CG1-Saber desempeñar labores de xestión, asesoramento e avaliación nas organizacións empresariais
B7	CG2-Saber manexar os conceptos e técnicas empregados nas diferentes áreas funcionais da empresa, así como entender as relacións que existen entre elas e cos obxectivos xerais da organización
B8	CG3-Saber tomar decisións, e, en xeral, asumir tarefas directivas.
B9	CG4-Saber identificar e anticipar oportunidades, asignar recursos, organizar a información, seleccionar e motivar as persoas, tomar decisións en condicións de - incerteza, alcanzar os obxectivos propostos e avaliar resultados
B10	CG5-Respectar os dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, respectar a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.



C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Saber realizar un diagnóstico estratéxico do sector no que se atopa ubicado a empresa ou organización	A1	B1	C1
	A2	B2	C4
	A3	B3	C5
Saber realizar un análise DAFO e as súas implicacións para desenvolver a estratexia e liñas de actuación	A4		
	A6		
	A8		
Saber segmentar e posicionarse estratexicamente nos mercados	A6		
	A8		
Saber traballar en equipo e discutir información relevante	A12	B4	C1
		B5	C4
			C5
			C6
Fomentar el espíritu crítico y el trabajo autónomo y la iniciativa emprendedora			C6
			C7
			C8
Saber desenvolver proxectos de análise de viabilidade comercial e presenta-los ante o público y a alta dirección	A8		C1
			C8
identificar los problemas que pueden surgir en la innovación y desarrollo de nuevos productos y en su lanzamiento	A5		
	A9		
	A11		
- Saber identificar e anticipar oportunidades, asignar recursos, organizar a información, seleccionar e motivar as persoas, tomar decisións en condicións de - incerteza, alcanzar os obxectivos propostos e avaliar resultados		B9	
		B10	
- Respetar os dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, respectar a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.			
Saber desempeñar labores de xestión, asesoramento e avaliación nas organizacións empresariais		B6	
- Saber manexar os conceptos e técnicas empregados nas diferentes áreas funcionais da empresa, así como entender as relacións que existen entre elas e cos obxectivos xerais da organización		B7	
- Saber tomar decisións, e, en xeral, asumir tarefas directivas.		B8	

Contidos	
Temas	Subtemas
PARTE I-. INTRODUCCION: NOVOS ENFOQUES DE DIRECCION DE MARKETING	TEMA 1: ORIENTACION AO MERCADO E MARKETING RELACIONAL



PARTE II: ANALISE E DIAGNOSTICO ESTRATEXICO DO MERCADO	TEMA 2: ANALISE DO ENTORNO E DA RIVALIDADE COMPETITIVA TEMA 3: ANALISE DO COMPORTAMENTO DO CONSUMIDOR I TEMA 4: ANALISE DO COMPORTAMENTO DO CONSUMIDOR II TEMA 5: SEGMENTACION E POSICIONAMIENTO TEMA 6: DIAGNOSTICO ESTRATEGICO
PARTE III: SELECCION DE ESTRATEXIAS	TEMA 7: ESTRATEXIA DE CRECEMENTO TEMA 8: ESTRATEXIA DE EXPANSION INTERNACIONAL TEMA 9: ESTRATEXIA DE INNOVACION E DESENVOLVEMENTO DE NOVOS PRODUCTOS, DIFERENCIACION E IMITACION TEMA 10: ESTRATEXIAS COMPETITIVAS E DE DESINVERSION

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	A6 A8 C4 C5	25	25	50
Proba obxectiva	A1 A2 B6 B7 B8 B9	1	12	13
Estudo de casos	A4 A5 A12 B5 C1 C6 C7	2	4	6
Seminario	C8	4	0	4
Aprendizaxe servizo	A4 A5 A12 B5 C1 C6 C7	2	4	6
Sesión maxistral	A3 A9 A11 B1 B2 B3 B4 B10	17	42.5	59.5
Atención personalizada		11.5	0	11.5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Forumularanse exemplo ou preguntas de discusión que serán discutidos polo docente e que complementan a clase magistral e nos que se aplicará os fundamentos para resolve-los. Igualmente, explicaranse en clase problemas ou exemplos que guardan relación coa teoría que os alumnos deben saber resolver aplicando os fundamentos que se explican en clase. E un complemento da clase maxistral
Proba obxectiva	Exame escrito (preguntas abertas ou cerradas relacionadas co temario da materia) ou test de resposta múltiple individual (20 preguntas tipo test, con penalización para as respostas incorrectas (penalización dun tercio do valor da pregunta).
Estudo de casos	Resolución por parte dun grupo reducido de alumnos de casos prácticos curtos ou de preguntas cortas e de resposta breve ou dun caso de estudio general. Estas probas desenvolveranse en grupos de 4 a 7 membros ao longo do cuatrimestre e a nota obtida será a mesma para todos os integrantes do grupo. Avisarase coa debida antelación dos días destinados a tales probas.



Seminario	Os seminarios están pensados como tutorías en grupo (posto que se convocará a subgrupos de 15 alumnos) para orientar aos mesmos na preparación da asignatura e as súas probas así como resolve-las dúbidas en relación coas mesmas. O lugar de realización das tutorías e a planificación das mesmas comunicaránse coa debida antelación e se realizarán a través da plataforma MSTEams. Son 4 horas por cada subgrupo (15 alumnos aprox.)
Aprendizaxe servizo	Metodoloxía que combina o servizo comunitario coa aprendizaxe nun único proxecto, no que o alumnado fórmanse traballando sobre as necesidades reais do seu contorno para melloralo. O estudantado matriculado na materia ofrecerá a posibilidade de participar nunha actividade de aprendizaxe-servizo cunha entidade colaboradora. O estudante pode escoller entre a actividade de aprendizaxe-servizo ou o a proba mixta, é dicir, esta actividade e a anterior son excluíntes, polo que os alumnos/as SÓ farán unha delas.
Sesión maxistral	Explicación en clase dos diferentes temas con apoio de transparencias e medios audiovisuais. Valorarase a participación do alumno

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Seminario Discusión dirixida Aprendizaxe servizo Estudo de casos	Aconséllase face-las consultas nas horas de tutoría. Se houbera algun impedimento, pode buscarse unha hora que se axuste ao horario do alumno previo acordo co profesor. Formaranse dous grupos reducidos de 15 alumnos. Ao finaliza-lo temario, realizaranse dúas tutorías para cada un dos subgrupos formados coa finalidade de orientar na preparación da asignatura. Avisarase con suficiente antelación da hora e a data na que terán lugar estas tutorías. Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao inicio do curso un calendario específico de tutorías compatible coa súa dedicación.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe servizo	A4 A5 A12 B5 C1 C6 C7	Tal e como se indica no apartado de planificación, a actividade de aprendizaxe-servizo e o estudo de casos SON EXCLUÍNTES, polo que os estudantes elixirán entre a realización dunha ou outra actividade, de maneira que a ponderación correspondente será a suma do asignado a cada actividade. É dicir, o 40% da nota final. Esta porcentaxe poderá chegar ao 70% se a proba obxectiva é do 30%	20
Estudo de casos	A4 A5 A12 B5 C1 C6 C7	Formaranse subgrupos de estudantes que terán que resolver casos prácticos. A resolución dos mesmos será presentada en clase polos membros do grupo. A data e horario para resolver os casos proporcionaranse con antelación. Tal e como se indica no apartado de planificación, a actividade de aprendizaxe-servizo e o estudo de casos SON EXCLUÍNTES, polo que o alumnado elixirá entre a realización dunha ou outra actividade, de maneira que a ponderación correspondente será a suma da asignada a cada actividade, é dicir, o 40% da nota final. Esta porcentaxe poderá chegar ao 70% se a proba obxectiva é do 30%	20



Proba obxectiva	A1 A2 B6 B7 B8 B9	A porcentaxe da proba obxectiva é discrecional por parte do profesor, podendo establecerse nun intervalo entre o 30% e 60%. En caso de ser o 30%, a porcentaxe restante formará parte da avaliación continua. No caso de que a proba obxectiva sexa tipo test, as preguntas mal contestadas penalizan. Esta proba establece un mínimo ou restrición para poder aprobar a materia. É dicir, independentemente da nota obtida no estudo de casos/ApS, se non se alcanza unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10 na proba obxectiva, a nota do estudo de casos/ApS non se computará a efectos da nota global da materia. En consecuencia, a cualificación do estudante basearase unicamente nos resultados da proba obxectiva (aplicada a ponderación correspondente). Este criterio mantense para a opción de exame de xullo.	60
-----------------	-------------------	---	----

Observacións avaliación



As metodoloxías propostas persiguen dous obxectivos básicos: i) incentivar ó alumno para que traballe de xeito continuado ó longo do curso e ii) fomentar a autonomía do alumno no proceso de aprendizaxe.

APRENDIZAXE-SERVIZO/PROBA MIXTA (40%): Como se menciona no apartado de planificación, a actividade de "aprendizaxe-servizo" e a actividade "estudo de casos" son excluíntes, polo que o alumnado elixirá entre a realización dunha ou outra actividade, polo que a nota correspondente será a suma da asignada a cada actividade, é dicir, o 40% da nota final. En relación co ApS, esta proba está supeditada á dispoñibilidade dunha entidade ou asociación para a realización do proxecto de aprendizaxe-servizo e non se ofrecerá a todo o alumnado. No caso de non poder realizar a ApS, todos os alumnos realizarán os estudos de casos.

En canto ó exame final e á cualificación na acta, lémbrense os seguintes acordos da Comisión Permanente da Facultade de Economía e Empresa do 6 de xullo de 2011:

Cualificación de non presentado. Corresponde ó alumnado, cando só participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ó 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación acadada.

Condições de realización do exame final. Está prohibido acceder á aula de exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información.

Avaliación da oportunidade de xullo. Esta debe realizarse cos mesmos criterios que os utilizados, no seu caso, na avaliación do primeiro ou do segundo cuatrimestre. Isto é, debese facer o examen e as practicas correspondentes no caso de que non as teña feitas.

no caso de que ao alumno se lle conceda unha oportunidade de "avaliación adiantada", e só nese caso, realizarase un estudo de caso encamiñado a avaliar todas as competencias e contidos propios da materia.

Alumnos con dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: No caso de alumnos con dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, empregarase a plataforma Moodle e o correo electrónico como vehículo de comunicación principal para a xestión de contidos, titorías e a entrega de traballos. Acordarase ao comezo do curso un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación, mais terán a mesma obriga de realizaren actividades e de acudir a calquera tipo de proba de avaliación que o alumnado a tempo completo. Excepto para as fechas aprobadas na Xunta de Facultade no que compete á proba obxectiva, para as restantes probas acordarase ao inicio do curso un calendario específico de fechas compatible coa súa dedicación.

Concesión de Matrícula de Honra. Se podrá solicitar una proba alternativa por parte dos profesores para a concesión da matrícula de honra.

Implicacións do plaxio na realización das probas ou actividades de avaliación. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso "0" na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria.

En todo caso e para todos os efectos, os aspectos relacionados coa "exención académica", "dedicación ao estudo", "permanencia" e "fraude académica" rexeranse conforme á normativa académica vixente da UDC, <https://www.udc.es/es/normative/academic/>

Fontes de información

Bibliografía básica	- Munera Alemán y Rodríguez Escudero (2011). ESTRATEGIAS DE MARKETING. UN ENFOQUE BASADO EN EL PROCESO DE DIRECCION. MADRID, ESIC - KOTLER, P. et al., (2000). INTRODUCCION AL MARKETING. MADRID, PIRAMIDE
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución ao Marketing/611G02015
Investigación de Mercados/611G02024
Dirección Estratéxica e Política Empresarial I/611G02025
Distribución Comercial/611G02030



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Dirección Estratéxica e Política Empresarial II/611G02033
Materias que continúan o temario
Observacións
Valorase positivamente a participación en clase e nas titorías ou seminarios.1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia e, na medida do posible, se: a. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático b. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimirlos 2. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sostibilidade e nos comportamentos persoais e profesionais.3. Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.4. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías